

# O REGRESO DAS ANDURIÑAS

# 1138

Li Ruijun, 2022

ESTREA EN NUMAX: 14.07.2023 | V.O.S.E. | 131 min

A humilde e sinxela Ma, e o tímido Cao, foron expulsados das súas respectivas familias e obrigados a contraer un matrimonio concertado. Agora terán que axuntar as súas forzas e construír un fogar onde sobrevivir. No medio da adversidade, comeza a forxarse entre eles un vínculo, xa que tanto Ma como Cao, en sintonía cos ciclos da Terra, créanse un refuxio no que poden prosperar.

«Un inmenso canto de amor»

AVOIR-ALIRE



## Entrevista con Li Ruijun: «O meu filme rende homenaxe á terra que alimentou a miña vida e a miña alma»

Por Silvia Wong

### **Como reflicte a túa visión creativa o título en chinés do filme *Yin Ru Chen Yan*?**

Os catro caracteres chineses suxiren “oculto na terra do po e do fume”. Nun nivel filosófico máis fondo, tamén suxiren que o tempo e a vida desaparecidos non se foron, que quizais soamente están agochados no po. Que non poidamos ver algo non significa que non exista. O título é simple e, á vez, complicado.

**A túa cidade natal, Gaotai, é un personaxe recorrente nos teus filmes. Que che fai volver?** A xente do campo subiu no tren cara a cidade, pero os dous protagonistas perdérono. Son como dúas persoas nunha bicicleta, perseguindo a xente do tren que avanza a toda velocidade. China ten unhas 80.000 pantallas de cinema, pero rara vez o público chega a ver a vida e as xentes dos arredores de Gaotai. É importante que sexan vistos e comprendidos cando o mellor das nosas centenarias tradicións se desvanece debido á rápida urbanización. O meu filme documenta os cambios rápidos e rende homenaxe á terra que alimentou a miña vida e a miña alma. É a principal fonte de inspiración principais dos meus filmes.

**O filme comeza no inverno e desenvólvese ao longo de catro estacións distintas. Filmáchelo en orde cronolóxica?** Rodamos seguindo os cambios estacionais, o ciclo vital dos cultivos e mesmo a temporada das aves migratorias. Pasamos case seis meses de preproducción para deseñar un plan de rodaxe e un calendario detallados. De novo ocupábame da granxa da miña familia. Coa axuda do protagonista Wu Renlin, que é o meu tío, o seu fillo que fai de segundo sobriño, o meu irmán e o meu pai, ocupámonos todos da construción da granxa e do cultivo da colleita ata o momento da recollida. Traballamos como campesiños todo o tempo e dedicamos as nosas vidas á terra, coma eles.

**Que tipo de desafíos encontraches nunha rodaxe que se prolongou durante oito meses no momento álxido da pandemia?** A rodaxe dividiuse en cinco partes. Rodamos un total de oitenta e cinco días entre marzo e outubro de 2020. Foi a rodaxe máis longa da miña vida. A pandemia afectou moito á nosa produción. É difícil contratar un equipo mentres o presuposto é moi axustado. Ademais, tiñamos que coidar de todos os animais e os cultivos para asegurarnos de que medraban ben.

Es o director, o guionista, o montador e o director de arte. Cales son os pros e o contras de asumir múltiples papeis nun filme? A parte boa é que aforramos moito do orzamento, xa que non é fácil atopar inversores para os meus filmes. A comunicación é máis fácil e podo crear un estilo visual coherente que se adapte ao filme. Pero o malo é que pode ser moi esgotador para min e sinto que pode que houbera outras opcións ás que non cheguei por quedarme atascado nas miñas limitacións.